

BASES IX CONCURSO SOLISTAS

Curso 2019/20

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela promove o **IX Concurso de Solistas** para dar a oportunidade ao alumnado de tocar como solista con orquestra ou banda. Unha vez máis, contamos coa participación dunha das entidades musicais máis representativas da nosa cidade, a Banda de Música Municipal de Santiago e, como non, coas agrupacións do noso centro, a Orquestra Sinfónica, a Banda Profesional e a Banda Xuvenil.

QUEN PODE PARTICIPAR

O concurso vai dirixido ao alumnado matriculado en calquera especialidade no CMUS Profesional de Santiago de Compostela no curso 2019-2020.

Establécense dúas categorías:

Categoría xuvenil: alumnos/as ata os 14 anos cumpridos durante o 2020.

Categoría moz@ solista: alumnos/as a partir de 15 anos cumpridos no 2020.

REQUISITOS

1. O programa a presentar poderá constar de unha ou varias obras completas ou movementos de obras para instrumentos solistas (con ou sen acompañamento de piano), quedando excluídas outras agrupacións como dobres concertos, tríos, cuartetos...
2. A duración do programa será como máximo de **10 minutos** para a categoría **Moza/o Solista** e de **5 minutos** para a **Categoría Xuvenil**.
3. **Non se poderán** presentar na mesma categoría as/os **gañadoras/es do 1º Premio en edicións anteriores** do Concurso de Solistas.
4. Para poder participar é necesario ter a **autorización do/a titor/a**.
5. O **pianista acompañante** deberá ter coñecemento da participación do alumnado que acompañe, así como as partituras das obras a interpretar, antes de:
 - **Categoría Xuvenil: 10 de xaneiro de 2020**
 - **Categoría Moz@ solista: 20 de decembro de 2019**

No proceso de selección do alumnado, consultarase aos titores e pianistas acompañantes se cumpren todos os requisitos, no caso contrario, excluíranse do concurso.

DATAS DE INTERESE

Prazo de inscrición: **do 8 ao 22 de xaneiro.**

Lista **provisional** de admitidas/os e convocatoria das probas: **martes 28 de xaneiro.**

Lista **definitiva** de admitidas/os e convocatoria das probas: **venres 31 de xaneiro.**

Probas de selección: **mércores 5 e xoves 6 de febreiro**, en horario de tarde.

Publicación dos resultados: **venres 7 de febreiro.**

Todas as publicacións faranse no taboleiro e na web do centro:

www.conservatoriosantiago.gal

XURADO

Constituirase un xurado composto por cinco persoas, podendo estar formado por un representante da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela e profesorado do centro. A decisión do xurado será inapelable, podendo quedar premios desertos.

OBSERVACIÓNS

Os/as gañadores/as comprométense a participar como solistas no concerto programado durante o curso 20-21 coa agrupación que o xurado propoña, así como a asistir aos ensaios previos que marque o/a director/a da agrupación.

No caso de que un dos gañadores renuncie á realización do concerto poderá perder o dereito ao premio. Neste caso poderanse modificar os concertos entre os premiados.

A obra a interpretar no concerto de solistas acordarase entre o/a titor/a do/a alumno/a e os/as responsables da agrupación correspondente (Banda Municipal de Santiago, Orquestra Sinfónica e Banda Profesional/Xuvenil do centro).

Non será necesariamente unha das interpretadas nas probas de selección do concurso.

A ENTREGA DE PREMIOS SERÁ NO CONCERTO DE FIN DE CURSO, 29 de maio de 2020

O ALUMNADO ADMITIDO DEBERÁ ENTREGAR TRES COPIAS DO REPERTORIO AO TRIBUNAL NO MOMENTO DA PROBA. (Só é necesaria a parte de piano, no caso de levar acompañamento)

Máis información: cmus.santiago@edu.xunta.es

PREMIOS

CATEGORÍA MOZA/O SOLISTA

1º Premio

Realización dun concerto coa Banda de Música Municipal de Santiago ou coa Orquestra Sinfónica do centro.

Cheque-agasallo de 150 euros a cambiar por material musical.

2º Premio

Realización dun concerto coa Banda de Música Municipal de Santiago ou coa Orquestra Sinfónica do centro.

Cheque-agasallo de 100 euros a cambiar por material musical.

3º Premio

Realización dun concerto coa Orquestra Sinfónica ou Banda Profesional/Xuvenil do centro.

Cheque-agasallo de 75 euros a cambiar por material musical.

CATEGORÍA XUVENIL

1º Premio

Realización dun concerto coa Orquestra Sinfónica ou Banda Profesional/Xuvenil do centro.

Cheque-agasallo de 100 euros a cambiar por material musical.

2º Premio

Cheque-agasallo de 75 euros a cambiar por material musical.

3º Premio

Cheque-agasallo de 50 euros a cambiar por material musical.

INSCRIPCIÓN ONLINE

www.conservatoriosantiago.gal

Colaboran:



ANPA "VÍA STELLAE"

